

O PSOE de As Nogais considera “unha tomadura de pelo” o acto de entrega da maquinaria de Fomento, pois son “vehículos de desguace e que xa estiveron expostos nas europeas”

“Cantas veces van a ser recepcionados polo concello?,” pregúntase Fe Álvarez, pois “todos os veciños podemos comprobar como nas eleccións os camións estaban incluso cargados de material de obra pero sen matrículas”

En relación ao parque móbil municipal, a socialista lembra que o alcalde, cando estivera na oposición, decía que o concello “só tiña ferros”, “pois ben, agora si, agora si que temos ferros en abundancia, xa que se trata de vehículos que son cedidos porque non teñen ningunha utilidade para o ministerio”, afirma

Considera que se trata dunha cesión pouco rendible, pois a antigüidade da maquinaria provocará importantes custos á entidade local, de tal xeito que o seu mantemento “será máis caro do valor real que ten”

Como exemplo do mal estado no que se atopan os vehículos e de que incluso poden ser un risco para a integridade dos traballadores, Álvarez lembra que, alomenos tres deles, permaneceron durante moitos días diante do taller do pobo para ser reparados

AS NOGAIS, 15 DE XULLO DE 2014.- Os socialistas de As Nogais critican que o ministerio de Fomento, en colaboración co concello, organizase este martes un acto público para a entrega de diversa maquinaria de titularidade estatal, cando se trata de vehículos “de desguace e que xa estiveron expostos no núcleo urbano durante as pasadas eleccións”. Por este motivo, a voceira do grupo municipal do PSOE –Fe Álvarez- pregúntase “cantas veces teñen pensado facer esta recepción e cantas veces van a ser recepcionados?, pois todos os veciños podemos comprobar como nas europeas os camións estaban incluso cargados de area e listos para saír a traballar. Iso si, sen matrículas”.

Por elo, a socialista non só critica o dispositivo despregado, senón tamén “a amnesia política do rexedor”, quen, cando estaba na oposición, dixo en varias ocasións, ao respecto deste tema, “que o concello só tiña ferros, pois ben, agora si, agora si que temos ferros en abundancia, xa que se trata de vehículos que son cedidos porque non teñen ningunha utilidade para o ministerio”, afirma.

“Non son rendibles”

Asimesmo, a voceira do PSOE neste municipio da Montaña anuncia que a cesión desta maquinaria “non son non é rendible, senón que xerar custos de reparación importantes ao concello, motivados polo acusado deterioro”.

“Todos vimos como, alomenos, tres máquinas estiveron diante do taller do pobo nas últimas semanas para a súa reparación”, destaca Álvarez, ao tempo que recoñece que “a única cousa que vemos positiva en todo isto é que polo menos se lle dé traballo ao mecánico”.

Dado que o deterioro da maquinaria é evidente, os socialistas dubidan que poida cumprir incluso as normas de seguridade, podendo constituír así un risco para a integridade dos traballadores. “En definitiva, cremos que vai custar máis o seu mantemento que o valor da mesma. Só en seguros e avarías, o concello vai ter pagar máis do que vale”, conclúe a voceira do PSOE.